



Guía Docente				
Datos Identificativos			2022/23	
Asignatura (*)	Prácticas externas I	Código	610G02047	
Titulación	Grao en Bioloxía			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Bioloxía			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Fagúndez Díaz, Jaime Fuentes Lopez, Marcelino Gonzalez Tizon, Ana Maria Lamas Maceiras, Mónica Rioboo Blanco, Carmen	Correo electrónico	jaime.fagundez@udc.es marcelino.fuentes@udc.es ana.gonzalez.tizon@udc.es monica.lamas@udc.es carmen.rioboo@udc.es	
Web	ciencias.udc.es/estudiantes/secretaria-do-alumnado/pr%C3%A1cticas-profesionais			
Descrición xeral	Os estudantes poderán optar por cursar prácticas profesionais externas, en empresas ou institucións, por un total de 6 ou 12 créditos ECTS, no lugar de 1 ou 2 materias optativas. A Facultade de Ciencias ven desenvolvendo dende o curso 2005/06 un programa de prácticas profesionais, cunha participación promedio no entorno dos 50-70 alumnos por ano, polo que ten ampla experiencia na xestión deste tipo de actividade. Para poder participar nunha estadía en prácticas o estudante deberá: i) Estar matriculado nalgunha titulación de grao da Facultade de Ciencias. ii) Ter superado cando menos 120 créditos ECTS, que deben de incluír todos os de formación básica. iii) Superar o proceso selectivo que se puidera establecer. Non poderán ser beneficiarios de estadias en prácticas os estudantes que manteñan algunha relación contratual coa correspondente empresa ou entidade, agás autorización obtida de conformidade coa normativa interna da UDC. Só se recoñecerán academicamente aquelas estadias que: a) Se desenvolvan nunha praza ofertada ou aprobada pola Facultade. Se dita praza non correspondese á oferta realizada pola Facultade, senón que fose promovida noutro ámbito (Consello Social da UDC, Fundación UDC, outros organismos, etc.), recabarase a información que fose precisa para confirmar o cumprimento dos obxectivos arriba indicados sobre concorrencia competitiva con selección baseada en mérito e capacidade. b) Teñan sido cubertas mediante un proceso convocado en concorrencia libre e competitiva e cunha selección baseada en mérito e capacidade. c) Teñan sido realizadas baixo a supervisión dun titulado superior pertencente á empresa, organismo público de investigación ou institución equiparable que oferte a praza, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudante. d) Obteñan un informe favorable do tutor/a académico/a sobre a actividade realizada, baseado no informe aportado e na valoración feita polos titores académico e de empresa (modelos no Anexos III e IV). O proceso de avaliación, previo á decisión do/da tutor/a académico/a, aterase á normativa de cualificacións da UDC.			



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar en colaboración.
B6	Organizar e planificar o traballo.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nunha contorna de traballo.
B8	Sintetizar a información.
B9	Formarse unha opinión propia.
B10	Exercer a crítica científica.
B11	Debater en público.
B12	Adaptarse a novas situacións.
B13	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. .
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Mellorar no coñecemento do entorno profesional dos Graduados en Bioloxía, así como da capacidade de aplicar os coñecementos académicos adquiridos nun entorno profesional.		B1	C1
		B2	C3
		B3	C4
		B4	C5
		B5	C6
		B6	C7
		B7	C8
		B8	
		B9	
		B10	
		B11	
		B12	
		B13	

Contidos	
Temas	Subtemas
Segundo o plan de traballo acordado coa empresa para cada alumno.	Segundo o plan de traballo acordado coa empresa para cada alumno.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	132	0	132
Resumo	B3 C1 C6 C7	0	18	18
Atención personalizada		0	0	0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A empresa ou institución nomeará un titor, que deberá ser un titulado superior, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudante, e que se encargará das seguintes funcións: 1. Proporcionar ao Centro unha breve descrición do traballo a realizar polo estudante, indicando os coñecementos específicos e habilidades que ha de ter o estudante para levalo a cabo e indicar a formación que adquirirá durante a realización do traballo 2. Orientar ao estudante durante a realización do traballo 3. Elaborar un informe final, dirixido ao Decanato da Facultade no que se avalíe o grao de aproveitamento acadado polo estudante O/a alumno/a terá ademáis un titor académico na Facultade, que será quen revise o informe emitido polo estudante, facendo as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións, o/a alumno/a revisará o documento e o entregará en administración da Facultade de Ciencias xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación.



Resumo	Esta Memoria constará das seguintes partes e pola citada orde: 1. INDICE 1.1 Debe de recoller os documentos dos que consta o informe 2. DATOS DO ESTUDANTE 2.1 Breve información sobre o estudante (apelidos, nome, DNI, dirección de contacto, teléfonos e dirección de correo electrónico) 3. DATOS DA EMPRESA 3.1 Breve información sobre a empresa (nome, situación, sector de actividade, organigrama, número de empregados, etc...) 4. RESUMO DAS PRÁCTICAS 4.1 Resumen do traballo desenvolvido polo estudante durante o período das prácticas 5. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS 5.1 Obxectivo das prácticas. Neste apartado débense de recoller os obxectivos que se perseguen co traballo 5.2 Traballo encomendado. Fundamento teórico e experimental das diferentes actividades desenvolvidas durante o periodo de prácticas tendo en conta, no seu caso, o segredo profesional ao que está obrigado 5.3 Distribución temporal. Distribución das tarefas realizadas, especificando a duración das mesmas e as unidades ou Departamentos nas que se realizaron 5.4 Formación recibida. Cursos, programas informáticos, seminarios, charlas, etc... 5.5 Nivel de integración dentro do departamento e relacións co persoal 6. CONCLUSIÓNS 6.1 Adecuación ás ensinanzas recibidas na Facultade para o desempeño da práctica 6.2 Valoración persoal da aprendizaxe conseguida ao longo de toda a práctica 6.3 Declaración de responsabilidade do alumno (achégase modelo Anexo I)
--------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resumo Traballos tutelados	A atención personalizada servirá para facer un seguimento detallado das actividades e da evolución do estudante, contribuíndo á súa avaliación continuada.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Resumo	B3 C1 C6 C7	Para acadar recoñecemento académico, e sempre que a estadía desenvolvida cumpra as condicións especificadas anteriormente, o/a alumno/a deberá remitir ao Decanato da Facultade un relatorio detallado dos traballos e actividades realizadas. Tal relatorio será elaborado de acordo co modelo descrito no apartado de Metodoloxías desta guía docente. O titor académico revisará o informe emitido, facendo as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións, o estudante revisará o documento e o entregará en administración da Facultade de Ciencias xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación.	50



Traballos tutelados	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	A empresa ou institución nomeará un titor, que elaborará un informe final, dirixido ao Decanato da Facultade no que se avalíe o grao de aproveitamento acadado polo estudante.	50
---------------------	--	--	----

Observacións avaliación

Valorarase no seu

conxunto o labor realizado durante as prácticas e a memoria realizada

sobre as mesmas.

Unicamente aqueles estudantes que completen o período de traballo na empresa/institución (traballos tutelados) e que entreguen a memoria resumo das tarefas para a súa avaliación poderán obter unha cualificación superior ó 4,5. Os estudantes que non completen o período de traballo na empresa/institución recibirán unha cualificación proporcional ás horas traballadas e sempre inferior ó 4,5. No caso de non poder rematar o período de traballo por causa de forza maior, o estudante poderá alegar perante o/a Decano/a da Facultade de Ciencias, que poderá suspender o efecto desta norma de avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	-O supervisor profesional e o académico ofrecerán consello ó estudante con respecto ás fontes de información (bibliográficas ou non) máis acaídas para as súas prácticas externas.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química/610G02001
Física/610G02002
Matemáticas/610G02003
Xeoloxía/610G02004
Estatística/610G02005
Xeografía física/610G02006
Citoloxía/610G02007
Histoloxía/610G02008
Organografía microscópica/610G02009
Bioquímica I/610G02011
Bioquímica II/610G02012
Microbioloxía/610G02015
Microbioloxía aplicada e control microbiolóxico/610G02016
Xenética/610G02019
Botánica sistemática: Criptogamia/610G02024
Botánica sistemática: Fanerogamia/610G02025
Fisioloxía vexetal I/610G02027
Fisioloxía vexetal II/610G02028
Zooloxía I/610G02031
Zooloxía II/610G02032

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Traballo fin de grao/610G02046

Observacións

Observacións É recomendable tentar cursar as prácticas pre-profesionais durante o verán anterior a comezar o cuarto curso, co fin de que o segundo semestre quede máis libre a nivel horario.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías